

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable
ofi.mambiente@vigo.org

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Estimada Concelleira,

Póño-me en contacto con vostede en resposta ao escrito que nos remitiu hoxe solicitando información sobre a recollida das bandeiras azuis a praias e do diploma de sendeiro azul.

En primeiro lugar, permítame trasladarlle que lamentamos que o Concello de Vigo non puidese estar presente no acto de entrega celebrado o pasado venres para, entre todos, poñer en valor os recursos naturais de Galicia. Como ben sabe, xa lle trasladamos en reiteradas ocasións o interese da Xunta de Galicia en que puidese participar no evento algún representante municipal.

En canto ao lugar de recollida das distincións, a mesma realizarase, como é habitual, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en San Lázaro (Santiago de Compostela). Polo tanto, poden recoller as mesmas en horario laborable nas citadas dependencias, tal e como se realizou nos últimos anos.

No relativo á bandeira azul da Praia de Rodas, como ben sabe, a mesma foi izada no acto de entrega de distintivos, como é tradición. Polo tanto, xa está a disposición de todos os visitantes no propio areal.

Atentamente,